

PROPOSTA DA XERENCIA DE CRITERIOS PARA A EXECUCIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PAS FUNCIONARIO

18 de novembro de 2016

Tras a aprobación da relación de postos de traballo (RPT) do persoal funcionario de administración e servizos polo Consello de Goberno o pasado 10 de outubro de 2016, cómpre establecer o procedemento para executala, considerando os seguintes como principios reitores:

- aplicar criterios xerais e obxectivos acordados coa representación do persoal
- garantir o bo funcionamento e a xestión ordinaria dos centros e unidades
- garantir no maior grao posible os dereitos do persoal en relación coa localidade, a área funcional do seu destino definitivo e o nivel de complemento de destino (CD)
- evitar a necesidade de concursar, mediante a asignación de destino definitivo á maior parte do persoal afectado

Con esta finalidade, para a súa negociación e acordo coa representación do PAS funcionario fórmulanse unha serie de criterios, de natureza obxectiva, similares aos que a Xerencia e a Xunta do PAS funcionario acordaron na execución de RPTs anteriores, sen prexuízo do establecido no *Acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo derivados dos procesos de provisión e selección* (DOG do 7 de abril de 2009).

CRITERIOS

1. Ao persoal funcionario de carreira e ao persoal laboral fixo que ocupe postos reservados ao PAS funcionario, asignaráselle destino definitivo naqueles casos en que mudando a denominación do posto, non varíe a súa área funcional (como figuran definidas nas tres últimas convocatorias de concurso de méritos) estimando que resulta coincidente o núcleo das funcións correspondentes ao destino previo e ao da nova RPT, así como o nivel de CD.
2. Cando nunha unidade aumente ou diminúa o número de postos, con ou sen división daquela, a elección de posto definitivo entre o persoal citado no apartado anterior que ocupe postos de igual nivel de CD, realizarase de acordo coa seguinte orde de prelación:
 - a) Antigüidade no posto ocupado con carácter definitivo como funcionario de carreira ou laboral fixo en postos reservados a funcionarios.
 - b) Antigüidade na UVI como funcionario de carreira ou laboral fixo.

- c) Subgrupo (ou grupo) de pertenza.
 - d) Antigüidade na UVI.
 - e) Antigüidade na administración.
3. A adscrición provisional realizarase, con carácter xeral, tendo en conta:
- a) O nivel de complemento de destino do último posto ocupado con carácter definitivo e a similitude das funcións entre os destinos previo e da nova RPT.
 - b) A unidade: área académica, servizos á comunidade, económica, centro, servizo ou equivalente.
 - c) O ámbito, considerando para este efectos os seguintes: Campus de Ourense, Campus de Pontevedra, Ámbito Científico, Ámbito Tecnolóxico, Ámbito Xurídico-Social e Humanidades e Xerencia (no que quedarán englobados os postos non incluídos nos anteriores).
 - d) A localidade.
4. O persoal que no momento da aprobación da RPT tivera atribuído un posto mediante adscrición provisional, continuará no seu desempeño, agás que se suprimira ou sexa necesario atribuírlle outro.